



Concello de Cuntis

BANDO

Manuel Campos Velay, alcalde do Concello de Cuntis,

Tendo en conta a situación actual que se está vivindo en relación ao **COVID 19** no noso Concello,

FAI SABER QUE:

Continuarán suspendidas neste Concello as actividades culturais, deportivas, educativas ou de calquera outro tipo realizadas nos locais públicos ata o 9 de novembro de 2020, data na que se valorará a continuidade ou levantamento desta suspensión.

Esta paralización non afecta ao servizo de conciliación do Cuntilín que se continuará prestando no CPI Don Aurelio nin ao funcionamento do propio colexio que establecerá as limitacións de uso como ven facendo na actualidade e segundo sexa necesario.

Aconséllase, por parte desta alcaldía, que tampouco se celebren este tipo de actividades dentro do ámbito privado e, de así facelo que se teñan en conta as limitacións e medidas de seguridade e prevención establecidas na Orde de 21 de outubro de 2020 da Consellería de Sanidade.

Pídese que se actúe con responsabilidade xa que é cometido de todas e todos.

O alcalde,

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE